



Programación Docente do TFE – Vento Metal

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA TFE de Vento Metal

ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN								ITINERARIO	Trompa, Trompeta, Trombón e Tuba
CARÁCTER	D) Traballo fin de estudos								TIPO DE CLASES	Individual
DEPARTAMENTO	VENTO METAL								XEFE/A DO DEPARTAMENTO	Juan Carlos Díaz Álvarez
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	Juan Carlos Díaz Álvarez
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase	
ETCS/ CUADRIMESTRE								10	Observacións	
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	Enrique Lorenzo Vila									
	Javier Viceiro Filgueira									
	Jesús Vicente Monzó									
	Ignacio Fernández Rodríguez									
	Juan Carlos Díaz Álvarez									

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Interpretación dun concerto público con elaboración e defensa dun traballo académico que poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento ou calquera outra temática relacionada coa especialidade e itinerario.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	A través da práctica interpretativa do instrumento conséguese integrar e poñer en práctica aspectos musicais e teóricos presentes nos estudos de música superiores, colaborando ao desenvolvemento da capacidade analítica, do coñecemento do repertorio do propio instrumento e da evolución estilística dos diferentes períodos da historia da música.
TRANSVERSAIS	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16
XERAIS	X2, X3, X5, X6, X7, X8, X10, X13, X21, X25
ESPECÍFICAS	E11, E12, E13, E14, E15, E16, E18, E110

3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS
Elaborar e defender un traballo académico que integre, sintetice e aplique os coñecementos teóricos adquiridos o longo dos cursos e saber buscar e seleccionar información valorando o xeito crítico.	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16, X5, X8, X10, X13, X25, E16.
Interpretar un concerto público onde se reflectan todos os coñecementos prácticos e artísticos adquiridos o longo das disciplinas cursadas.	T1, T2, T3, T6, T15, T16, X2, X3, X6, X7, X8, X13, X21, X25, E11, E12, E13, E14, E15, E18, E110.

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
I Programa de concerto	O alumno/a presentará unha proposta de programa de concerto no que incluírase unha obra das relacionadas no apartado 8 desta Programación Docente e cunha duración mínima de 50 minutos (o descanso é opcional e non será computable). A aprobación do programa presentado seguirá o procedemento xeral descrito na ORDE de 21 de novembro de 2016, así como o recollido no PROTOCOLO DE TFE vixente do propio conservatorio.	



II	Recital	<p>O día asignado para o TFE, o alumno/a interpretará en público o programa de concerto aprobado.</p> <p>Interpretación consciente a través da comprensión das estruturas musicais e aplicación dos coñecementos musicais e técnicos do instrumento na execución do repertorio solista.</p> <p>Valoración das normas de comportamento a seguir nos concertos en calidade de intérprete.</p> <p>O alumno/a elaborará un programa de man do seu concerto, incluíndo aspectos como portada, currículo, repertorio e notas ao programa. Tamén entregará unha copia a cada membro do tribunal das obras a interpretar debidamente encuadernadas e na orde de interpretación.</p>
III	Proposta de traballo académico	<p>O alumno presentará unha proposta de traballo académico cos seguintes apartados: Título, índice xeral, contido ou xustificación do traballo e cinco palabras clave. A aprobación da proposta presentada seguirá o procedemento xeral descrito na ORDE de 21 de novembro de 2016, así como o recollido no PROTOCOLO DE TFE vixente do propio conservatorio.</p>
IV	Elaboración do traballo académico (TA)	<p>O traballo académico deberá ter unha extensión mínima de vinte páxinas, en tamaño DIN-A4, con letra arial 12 puntos a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos. O traballo poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento, ou calquera temática relacionada coa especialidade, tanto en aspectos históricos, estilísticos como didácticos, e aprobada polo departamento. A liña de investigación orientativa que mantemos neste Departamento é: Estudio do repertorio, pedagogía, material e intérpretes en Galicia referidos aos instrumentos de vento metal.</p> <p>Portada: título, autor, titor, curso académico, especialidade, logo do Conservatorio</p> <p>Resumo / Abstract: en dous idiomas (un deles extranxeiro) de entre 300 e 700 palabras.</p> <p>Índice</p> <p>Introdución</p> <p>Metodoloxía</p> <p>Resultados</p> <p>Conclusións</p> <p>Bibliografía</p> <p>Anexos</p> <p>As normas de citación que se propón son as de Chicago Deusto e APA (calquera das versións)</p>
V	Exposición e defensa do TA	<p>A exposición do TA non excederá de 20 minutos, ao remate o tribunal poderá preguntar sobre cuestión do TA, a defensa non excederá dos 10 minutos.</p> <p>Para a exposición, o alumno poderá utilizar os medios técnicos disponibles no conservatorio así como aqueles que considere oportunos para apoiar e reforzar a presentación do TA.</p>

Total de sesións por cuadrimestre

5. Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE		1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		OBSERVACIÓNS
		I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	
Presencial	Clases prácticas								0	
	Audicións								2	
	Titorías								8	
Non presenciais	Traballo persoal								290	
Total de horas cuadrimestrais									300	

6. Descriptores de Planificación

TIPO DE ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN DA METODOLOXÍA
Titorías	Faranse as titorías solicitadas polo alumno/a según dispoñibilidade horaria do titor.
Traballo persoal	<p>Preparación do repertorio e elaboración do traballo académico.</p> <p>Pescuda de información, análise, dixitación ou memorización dos novos traballos musicais. Revisión do tempo, fraseo, dinámicas, ornamentación, articulación, carácter e demais recursos musicais en base á súa análise e ás fontes documentais. Profundización no traballo realizado coa axuda de novas tecnoloxías</p> <p>Na medida do posible organizarase unha audición complementaria unha semana antes da data de</p>



	defensa do TFE.
Audicións: recital e exposición e defensa do traballo académico	Presentación en público do repertorio do TFE e exposición e defensa do traballo académico aprobados polo Departamento.

7. Avaliación

ORDINARIA

CONTÍNUA	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
FERRAMENTAS			
Traballo académico	<p>Mostrar no traballo académico rigor no estudo científico, histórico, pedagóxico ou artístico.</p> <p>Mostrar coherencia na estruturación do traballo así como unha correcta presentación: Portada, dedicatorias, índice, xustificación, estado da cuestión, obxetivos, metodoloxía, corpo do traballo, conclusións, bibliografía e anexos documentais.</p> <p>Mostrar orixinalidade e interese nas conclusións.</p> <p>Mostrar claridade na exposición e defensa do traballo: estruturación, coherencia e orixinalidade expositiva</p>	20%	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16, X5, X8, X10, X13, X25, E16.
Recital	<p>Interpretar as obras do programa presentado, mostrando o control técnico do instrumento: dificultade do repertorio, fidelidade ao texto, afinación, control das articulacións, calidade do son, resistencia, claridade nas dinámicas, rigor no ensemble co acompañamento, fidelidade nos tempos e claridade na agónica.</p> <p>Interpretar as obras do programa presentado, mostrando coherencia no estilo interpretativo e en concordancia coa estética das mesmas: aplicación do rubato acorde ao estilo, adecuación da ornamentación, aplicación da respiración como elemento musical no fraseo, aplicación das articulacións axeitadas ao estilo, adaptación das dinámicas a cada estilo, control do vibrato e proxección do son.</p> <p>Mostrar un comportamento escénico adecuado as características das obras interpretadas e do propio instrumento, así como os dotes artísticos e a capacidade de comunicación musical: presentación, dominio do espazo escénico, comunicación, adaptación dos xestos e movementos á interpretación musical, achega persoal ao enriquecemento da interpretación, concentración, control postural.</p>	80%	T1, T2, T3, T6, T15, T16, X2, X3, X6, X7, X8, X13, X21, X25, E11, E12, E13, E14, E15, E18, E110.

* O Traballo fin de estudos só se considerará aprobado no caso de que ámbalas dúas probas sexan avaliadas positivamente, con puntuación igual ou maior a 5,00.

ERASMUS

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.

8. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberán cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que establece a Consellería competente en materia de Educación.

9. Bibliografía, materiais e documentos

REFERENCIAS BÁSICAS

Segundo a especialidade, a listaxe de obras para o concerto público, das que o alumno/a polo menos debe incluír algunha no seu programa, son as seguintes:

ESPECIALIDADE DE TROMPA

- Glère, Reinhold: Concerto Op. 91 en si b maior para trompa e orquesta
- Strauss, Richard: Concerto nº 2 TrV 283 en mi b maior para trompa e orquesta
- Weber, Carl Maria von: Concertino Op. 45 en mi menor para trompa e orquesta
- Kiel, Clemens August: Concerto Op. 23 en fa maior para trompa e orquesta
- Mozart, Wolfgang Amadeus: Concerto nº 4 en mi b maior Kv. 495 para trompa e orquesta
- Arnold, Malcolm Henry: Concerto nº 2 Op. 58 para trompa e orquesta de cordas



ESPECIALIDADE DE TROMPETA

Tomasi, Henri: Concerto para trompeta e orquesta
Jolivet, André: Concertino para trompeta e orquesta de cordas e piano
Haydn, Joseph: Concerto para trompeta e orquesta en mi b maior
Hummel, Johann N.: Concerto para trompeta e orquesta (mi b maior ou mi maior)
Böhme, Oskar: Concerto para trompeta e orquesta en fa menor
Brandt, Vassily: Konzertstück nº 1 para trompeta e piano
Brandt, Vassily: Konzertstück nº 2 para trompeta e piano
Desenclos, Alfred: Incantation, thrène et danse
Arutunian, Alexander: Concerto para trompeta e orquesta en la b maior

ESPECIALIDADE DE TROMBÓN

Tomasi, Henri: Concerto para trombón e orquesta
Grondahl, Launy: Concerto para trombón e orquesta
Martin, Frank: Ballade para trombón e piano
Castèrède, Jacques: Sonatine para trombón e piano
Williams, Ralph Vaughan: Concerto en fa menor para tuba ou trombón baixo e orquesta
David, Ferdinand: Concertino Op. 4 para trombón e orquesta (Mib o Sib)
Schnyder, Daniel: Sonata para trombón e piano
Lebedev, Alexander: Concerto en un movemento para trombón e piano

ESPECIALIDADE DE TUBA

(TUBA BAIXA – CONTRABAIXA)

Williams, Ralph Vaughan: Concerto en fa menor para tuba e orquesta
Williams, John: Concerto para tuba e orquesta
Jevtic, Ivan: Concerto para tuba e orquesta
Hindemith, Paul: Sonata para tuba e piano
Barnes, James: Concerto para tuba Op. 96
Crespo, Enrique: Escenas latinas
Sparke, Philip: Concerto para tuba
Persichetti, Vicent: Parable XXII para tuba

(TUBA TENOR – BOMBARDINO)

Cosma, Vladimir: Euphonium concerto
Cumow, James: Symphonic Variations para bombardino e banda de música
Ito, Yasuhide: Sonata para bombardino e piano
Bowen, Briab: Euphonium music
Ponchielli, Amilcare: Concerto para fliscorno baixo
Golland, John: Concerto nº 1 para bombardino
Stevens, John: Soliloquies
Gillingham, David: Blue lake fantasies

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

COPLAND, Aaron: Como estudar a música. Madrid: fondo de cultura económica de España, 1994
DESCHAUSSÉES, Monique: El intérprete y la música. Madrid: Rialp, 1998
CORTOT, Alfred: Curso de interpretación. Buenos Aires: Ricordi, 1934
FARKAS, Philip: El arte de tocar los metales

10. Observacións

Será aplicable a esta Programación Docente a lexislación vixente así como as normas que a regulan.